

A LEI DE XEO

“não é do navio, é de nós, que sentimos saudades”

Pessoa

O silencio supón a ausencia de ruídos, favorece unha reflexión repousada do pensamento que constrúe a nosa identidade; mais este baleiro acústico é pertinente, coherente e harmonioso se é elixido, mais se este silencio é imposto, é agresivo e séntelo como un puñal de xeo cravado no peito que che esgaza o corazón.

A falta de comunicación é un iceberg de incompreensión, esa falta de vibracións acústicas que esperas da outra persoa é substituída por un estrondo interior que provoca un sentimento de culpa, derrubando a autoestima e interferindo nos asuntos cotiáns.

Esta lei de xeo ou de silencio é unha táctica de manipulación encuberta que evita dar explicacións e comporta certo grao de maltrato psicolóxico cara á persoa que a padece, xa que destrúe toda posibilidade de coñecer de que se lle acusa para poder defenderse, e pode levala a un estado de desnutrición emocional que remata, se non se pon remedio, nunha depresión.

O executor ou executora do silencio está convencida da súa superioridade e, consciente ou inconscientemente, o seu obxectivo é dobregar a outra persoa porque a considera inferior. É unha especie de menosprezo moral e social.

Esta ausencia de comunicación remata case sempre nunha desafección moi dolorosa. É fundamental falar para resolver calquera clase de problema ou malentendido que inevitabelmente xorde en toda relación social. A lei de xeo permítelle ao agresor deixar toda a responsabilidade nas mans da vítima: é unha sibilina forma de manipulación persoal.

Se alguén é importante para ti, falar dende o sosego e o respecto é a única solución para recompoñer a relación. Evitar a palabra por mesquindade ou covardía leva inevitabelmente á afronta e a un bloqueo mental de imprevisíbeis consecuencias.